

Vigo, 21 de maio de 2023

Estimadas familias:

En cumprimento do disposto pola *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* na *Orde do 10 de maio de 2023 (DOG 19 de maio) que regula a participación no fondo solidario de libros e as axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar*, pasamos a indicaros o proceso que debedes seguir para tramitar as solicitudes.

Estas axudas van dirixidas a alumnado que durante o curso escolar 23/24 estea matriculado en calquera dos cursos de **primaria** ou **ESO**.

Pódense tramitar dous tipos de solicitude:

- **Axuda de material escolar**, que ten un importe de 75 €. para as rendas per cápita da unidade familiar que non supere os 6.000 € e de 60 € para as rendas per cápita que non superen os 10.000 €.

- **Libros de texto**:

- o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, e toda a ESO, pode participar no **fondo solidario de libros**. Os beneficiarios deben manter os libros en bo estado, xa que serán reutilizados en cursos posteriores. Terán que devolvelos ao remate do curso escolar.

- o alumnado de 1º e 2º de primaria, pode solicitar **axuda para a adquisición de libros de texto**, xa que non existe fondo de libros nestes cursos, dada a dificultade de reutilizalos en cursos sucesivos.

As familias que teñen garantizado o acceso ao fondo de libros ou ás axudas de libros de texto, son aquelas con **renda per cápita familiar** (referida ao exercicio 2021) **inferior aos 10.000 €**. A renda per cápita familiar é o resultado de dividir todos os ingresos da unidade familiar (suma dos recadros 435 e 460 da/s renda/s do 2021) entre o número de integrantes da mesma (aqueles con discapacidade dun 33% ou maior contan por dous). As familias que superen o umbral de renda de 10.000 €, poden solicitar fondo de libros, pero so terán acceso ao mesmo, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, no caso de que unha vez entregados os libros ás familias que non superen ese umbral, quedase algún remanente no fondo sen entregar.

Terase en conta a situación familiar a 31/12/2021, así que non se terán en conta os fillos ou fillas que naceron, ou foron acollidos/as despois desa data.

A solicitude debe facerse preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (anexo I) dispoñible na aplicación da Xunta "Fondolibros" (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica <https://sede.xunta.gal> ou na **secretaría do Colexio**.

A documentación que deberedes presentar xunto coa solicitude é a seguinte:

- Anexo II (comprobación de datos dos membros da unidade familiar)
- Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia compulsada do certificado de grao de minusvalía, se algún dos membros da unidade familiar ten discapacidade con porcentaxe igual ou superior ao 33%,

Podedes conseguir o impreso (anexo I) e tamén o anexo II na secretaría do Colexio ou na páxina web <http://www.edu.xunta.gal>, onde tamen atoparedes toda a información relativa ás axudas. **O prazo de entrega de solicitudes remata o 21 de xuño**, aínda que **para axilizar os trámites, pregámosvos que os que pensades facer a solicitude, o fagades canto antes.**

Lembrede que aqueles que recibistes fondo ou axuda de libros de texto para o presente curso escolar (22/23), tendes ata o 21 de xuño para devolver os libros.

Para calquera aclaración podedes chamar á secretaría do Colexio (986-288095) en horario de 9:00 a 14:00

Unha aperta.